

UGT FAI UNHA APOSTA CLARA POLA PAZ PARA ALCANZAR O CUMPRIMENTO DA DECLARACIÓN DE DEREITOS HUMANOS

Redacción.- Esta semana, o 10 de decembro, celebrouse o Día Mundial dos Dereitos Humanos que chega nun dos momentos máis fráxiles desde hai décadas: os conflitos bélicos -unha realidade na que a práctica totalidade dos dereitos humanos son violados- non só incrementáronse, senón que a guerra está a converterse na norma como método de solución de conflitos, desprazando á diplomacia e ao diálogo. Non existe maior risco para a preservación dos Dereitos Humanos que a violencia.

O rearmamento é xa unha realidade para a maioría dos países e rexións do mundo, nunha escalada que xa está a supoñer un aumento do gasto en armamento e seguridade e un recorte de gasto público en servizos sociais, prexudicando claramente á clase traballadora.

O número de vítimas mortais aumentou en máis dun 400% desde que comezou o século XXI, evidenciando o incumprimento dos artigos 1 e 3 da Declaración dos Dereitos Humanos, que menciona o dereito á dignidade, a vida e á seguridade.

Esta terrible situación a nivel global é vida en organizacións sindicais dun sen fin de países, pois sexa baixo un réxime autoritario, no medio dun conflito bélico ou cun goberno antisindical, a situación do movemento sindicais é extremadamente delicada e baixo continua ameaza. O Artigo 20 da Declaración de Dereitos Humanos esclarece que todas as persoas teñen dereito á participación en asociacións pacíficas, polo que atacar ao sindicalismo é violar de forma directa ou indirecta a declaración de Nacións Unidas.

O informe de Dereitos Humanos da Confederación Sindical Internacional (CSI) de 2024 destaca algúns datos como o constrinximento do dereito á liberdade de expresión e asociación (que se viu reducido ou violado no 43% dos países, aumentando a cifra do informe de 2023) ou a prohibición ou restricións á sindicación (que afecta ao 74% da clase traballadora -ou o que é o mesmo: tres cuartas partes dos países do mundo violan este dereito), de maneira que

se en 2023, sesenta e nove países detiñan a sindicalistas polo simple feito de facer as labores de defensa e representación dos e as traballadoras, en 2024 xa son setenta e catro os países que atacan a sindicalistas, deténdoo, usando a violencia ou asasinándoo.

Neste mesmo informe destácanse 10 casos onde a situación sindical empeorou de xeito significativo atacando aos dereitos laborais (que son dereitos humanos recoñecidos), estes países atópanse na listaxe por diferentes motivos: o enfraquecemento ou ruptura democrática que viven nestes momentos (Myanamar, Turquía e Tunes), a violencia e prohibicións exercidas por un réxime autoritario contra as centrais (Bielorrusia, Bangladesh, Eswatini, Exipto) ou o asasinato de líderes sindicais (Filipinas, Guatemala, Ecuador).

Con todo, a situación mundial obríganos a centrarnos especialmente na guerra e os ataques á paz, existindo múltiples casos que exemplifican o terror, como é o caso de Ucraína onde levamos máis de dous anos asistindo a unha invasión ilegal de Rusia que acabou coa vida de centos de miles de persoas, onde o diálogo quedou substituído polas ambicións imperialistas do réxime de Putin. Urxe promover a saída pacífica e xusta deste conflito, para que a paz e o desarmamento volvan a Europa.

Oriente Medio, rexión onde os dereitos dos traballadores están baixo a maior ameaza de todo o mundo, vive unha inestabilidade e belicismo como non se atisbaba desde hai décadas. O xenocidio en Gaza por parte de Israel supón o capítulo máis escuro do século XXI e enfrontáanos á realidade da debilidade de Nacións Unidas para frear esta matanza e a aposta dos Gobernos Occidentais por deslexitimar o dereito internacional que eles mesmos axudaron a elaborar.



Líbano, lemen e agora Siria, son escenario de diferentes conflitos, con diferentes actores, pero coa mesma esencia, disputas xeopolíticas por recursos e territorios onde a clase traballadora é unha mera espectadora do seu propio horror e morte.

UGT pide ao Goberno español que promova o diálogo e a diplomacia como única solución aos conflitos bélicos buscando ter un papel protagonista no plano internacional como promotor da paz, ademais esiximos ás institucións europeas que defendan o dereito internacional sen importar quen sexa o actor político que o viole, mantendo unha postura coherente cos principios propios da Unión Europea.

Mentres a elite económica e política analiza mapas e intereses, a clase traballadora perde a súa vida loitando batallas que non lles pertencen.

É por iso polo que, desde o sindicalismo e desde o internacionalismo, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores fai unha aposta clara pola paz. Para alcanzar o cumprimento da Declaración de Dereitos Humanos, primeiro, débese salvagardar a paz, non hai humanidade sen paz, e, por tanto, nun contexto de guerra non hai lugar aos dereitos que, como sabemos, son universais sen distinción de raza, clase, xénero, cor, sexo, relixión ou opinión política e así o expón o Artigo II da Declaración de Dereitos Humanos.

Esta cumpre 76 anos, un texto que recolle a esperanza da humanidade para construír un mundo mellor.

MOBILIZACIÓNS PARA ESIXIR UNHA SOLUCIÓN XA E UN ACORDO PARA OS MUTUALISTAS DE MUFACE

UGT reclama ao Goberno e ás aseguradoras unha solución que dea tranquilidade e garanta unha asistencia sanitaria de calidade para os 1,5 millóns de funcionarios e funcionarias afectadas

Redacción.- A asistencia sanitaria de máis de 1.500.000 funcionarios e funcionarias está seriamente comprometida tras a renuncia das aseguradoras a acudir ao concerto sanitario de MUFACE. En Galicia están afectados 63.000 mutualistas, persoal funcionario de ensino, Administración xeral do Estado, Correos, prisións, Axencia Tributaria.....

Coas mobilizacións celebradas este mércores nas catro provincias galegas e en todo o territorio nacional, milleiros de funcionarios e funcionarias esixiron celeridade ao Goberno para pechar un novo convenio e poñer enriba da mesa un plan de viabilidade para a asistencia sanitaria do funcionariado público. E tamén con estas mobilizacións denunciaron a unhas aseguradoras insustentables que, co argumento de que o modelo MUFACE está "infrafinanciado", queren aumentar os seus beneficios económicos á conta do Estado e da "selección de riscos", é dicir, derivando á sanidade pública os casos máis graves e caros de atender.

E no medio, nun lume cruzado, as persoas mutualistas e os seus beneficiarios, aos que, utilizados como reféns, se lles pon en risco a súa propia saúde. Reclaman ás aseguradoras a necesidade de acadar un acordo priorizando a debida atención sanitaria das persoas mutualistas sobre réditos económicos que poñan en perigo a nova licitación.

Esixen que se concrete o antes posible un acordo estable, razoable e satisfactorio, que garanta a calidade asistencial a todas e todos os empregados públicos e que os servizos médicos e sanitarios ofertados non se vexan minguados, senón que, pola contra, melloren as súas prestacións. Para iso,

empregaranse as medidas de presión que se consideren oportunas.

Ademais, esíxese máis transparencia por parte do Goberno e da propia mutualidade en todo este proceso e a participación dos sindicatos nel.

Os datos:

1.- MUFACE ofrece atención sanitaria a preto de 1,5 millóns de persoas funcionarias e familiares.

2.- As tres aseguradoras que ata o de agora prestaban este servizo, Adeslas, Asisa e DKV, decidiron non presentarse ao novo convenio (vixente no decreto 2025-2026) ao considerar que a proposta económica era insuficiente para evitar as perdas neste negocio.

3.- As persoas que están cubertas por MUFACE cada ano deciden quen lles vai dar asistencia sanitaria: unha das aseguradoras privadas do concerto ou a sanidade pública. Nun 72% dos casos escóllese a sanidade concertada. En concreto, en 2024 un 34% optou por Adeslas, un 25% por Asisa (controlada por Lavinia, unha cooperativa de médicos) e un 13,2% por DKV, propiedade do xigante alemán Munich Re. O restante 28% optou pola sanidade pública.

4.- Porén, como dato tamén significativo, as novas xeracións do persoal funcionario, que son menos custosas en termos de atención, están optando maioritaria-

mente polo sistema público. En 2022, dous de cada tres novos funcionarios ou funcionarias elixiron ser atendidos na sanidade pública, rexeitando os seguros privados ofrecidos por MUFACE.

5.- As aseguradoras reclaman unha mellora na dotación económica do 40%. O Goberno publicou uns pregos de contratación cunha suba do 17%, pero mesmo este forte incremento non bastou para que Adeslas, DKV e Asisa decidisen presentarse.

6.- MUFACE defende que a situación está controlada e que a Lei de Contratos do Sector Público lles brinda ferramentas suficientes para garantir que as aseguradoras privadas sigan prestando o servizo polo menos ata outubro de 2025, se non houberse unha nova licitación antes.

7.- A migración de todas e todos os mutualistas ocasionaría un gran impacto no actual sistema sanitario da Seguridade Social, por iso, esiximos que mellore o investimento en sanidade pública para conseguir unha atención de calidade para todas e todos.



FOLGA HOXE NA CRTVG E CONCENTRACIÓN NA PRAZA DO TOURAL EN SANTIAGO

Redacción.- Hoxe está convocada na CRTVG unha xornada de folga de 24 horas e unha concentración na Praza do Toural, en Santiago, a partir das 12.00 horas, que terá como obxectivo achegar á cidadanía a grave situación que atravesan os medios públicos en Galicia.

Lembrar que o día 7 de outubro arrincou a mobilización en defensa da produción propia e contra a manipulación informativa e o desmantelamento do servizo público de comunicación audiovisual.

Nas convocatorias de paros parciais que se están a suceder estase a conseguir abortar a emisión do programa externalizado pola dirección en formato de coprodución que fixo estalar o conflito, "O Termómetro".

A folga de hoxe xa pretende afectar ao conxunto da programación e, con ela, despedirase así o día no que debería emitirse o derradeiro dos 65 programas contratados pola dirección da CRTVG a dúas empresas externas.



AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DAS FUNDACIÓNS PÚBLICAS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA GALEGAS MOBILÍZANSE DE NOVO

Reclaman un convenio único para as catro fundacións que recolla unhas condicións laborais dignas

Redacción.- Este mércores os traballadores e traballadoras das fundacións públicas de investigación sanitaria galegas volveron a mobilizarse para amosar o seu malestar coa Consellería de Sanidade ante a ausencia de respostas ás súas reclamacións que pasan pola urxencia de sentarse xa a negociar un convenio único para as catro fundacións que garanta unhas condicións laborais, sociais e salariais dignas para os seus empregados e empregadas.

Xa levan ás costas varias mobilizacións fronte aos hospitais galegos de referencia e unha concentración o pasado 30 de outubro fronte á sede do Sergas, en Santiago. Ante isto, a Consellería segue a dar a calada por resposta e as traballadoras e traballadores das fundacións anuncian que non van cesar nas súas demandas ata que se abra unha mesa de negociación. Así, o día 18 están convocadas de novo concentracións nos hospitais galegos e, se a situación continúa así, non descartan a partir do mes de xaneiro ir a unha folga ou paros de carácter parcial.



CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NA SANIDADE PRIVADA DE PONTEVEDRA

Redacción.- Despois de 16 reunións na mesa do convenio da sanidade privada da provincia de Pontevedra, continúa sen avances significativos, o que obriga aos sindicatos a manter o calendario de mobilizacións. Así, este mércores tivo lugar unha concentración fronte ao centro Vithas de Pontevedra.

A patronal negase a reducir a xornada laboral anual. Por outra banda, os incrementos salariais propostos condenan ao sector á perda de poder adquisitivo e seguen sen prever un complemento por traballar domingos ou festivos.

A patronal do sector parece interesada, unicamente, en impoñer un réxime sancionador, aumentar a distribución irregular



de xornada e seguir apostando pola polivalencia para determinadas categorías.

Por todo isto, e polo afastadas que es-

tán as propostas, UGT, CCOO, CIG e CSIF deciden manter as mobilizacións, co apoio dos traballadores e traballadoras do sector.



CALENDARIO LABORAL 2025

Consulta as datas de festivos nacionais, autonómicos e locais para o ano 2025 na páxina web de UGT-Galicia

<https://www.ugtgalicia.org/calendario-laboral-2025>

UGT e CCOO CONVOCAN UNHA MANIFESTACIÓN EN VIGO O DÍA 17 PARA DENUNCIAR A SITUACIÓN DA VIVENDA NA COMARCA

Redacción.- As unións comarcais de UGT e CCOO en Vigo convocan para o día 17 unha manifestación na cidade olívica para denunciar a situación da vivenda na cidade e na comarca e demandar solucións xa ás administracións porque o problema non admite xa máis demoras. A mobilización sairá ás 19.00 horas da Praza de España e ambos sindicatos fan un chamamento á cidadanía a que se sumen a esta reivindicación que é de xustiza porque non se pode esquecer que a vivenda cumpre unha función social.

A vivenda converteuse nun dos grandes problemas sociais deste país, polo que urxe que as administracións, tanto a central, como a da Xunta e as locais interveñan xa. Se ben é certo que se están a anunciar medidas, dende CCOO e UGT cremos que estas non son suficientes e poden chegar tarde, polo que se demandan medidas de maior calado e máis inmediatas.

España é un dos países da UE con menos vivenda social, incumprindo en todo momento o artigo 31 da Carta Social Europea Revisada. Concretamente, en Vigo existe constancia de que hai un total de 5.700 demandantes de vivenda protexida e, a nivel de Galicia, nos últimos 10 anos, dende o 2014 ata o 2023, UGT e CCOO denuncian que só se construíron 1.139 vivendas de carácter protexido, o que supón tan só un 4% do total.

Ambos sindicatos apostan porque a venda deixe de ser unha cuestión política e convertase nun verdadeiro dereito que poida, in-

cluso, ser reclamado por vía xudicial, xa que este é un dereito recollido no artigo 31 da Carta Social Europea pero tamén no 25 da Declaración Universal de Dereitos Humanos. Na Constitución Española o artigo 47 está a ser máis declarativo que efectivo.

Urxe intervir o mercado da vivenda a curto prazo, déronse tímidos pasos nos prezos dos alugueiros pero hai que ir máis aló. Hai que intervir o parque de vivendas baleiras, respectando os dereitos dos pequenos propietarios e, a medio e longo prazo, hai que constituir un parque público de vivenda que, como ocorre noutros países da nosa contorna, permita que o acceso á vivenda non sexa un luxo inalcanzable, senón un dereito esixible.

Este mercado da vivenda cada vez máis tensionado tamén está a provocar que tan só o 17% dos mozos e mozas deste país poidan emanciparse, a pesar de ter mellorado nestes últimos anos a súa situación sociolaboral, aínda así, esta mellora non alcanza para o acceso a unha vivenda digna.

E, ademais dos máis mozos, tamén hai que apuntar ás traballadoras que o teñen máis difícil que os homes para acceder a unha vivenda. De feito, se unha muller e un home que traballan destinaran, en solitario, un 30% do seu salario bruto a adquirir unha vivenda, a muller tardaría de media tres anos e nove meses máis que o home. Isto pode subir ata os 9 anos dependendo da profesión.

En definitiva, UGT e CCOO cremos que



chegou o momento de que a vivenda se converta nunha prioridade para as administracións porque o acceso á mesma debe ser un dereito indiscutible que permita afrontar un proxecto vital en condicións dignas. Por todo isto, ambos sindicatos chaman á cidadanía viguesa a que o día 17 saia ás rúas da cidade para dicir basta xa e para demandar un parque de vivendas públicas suficiente e accesible para todos e todas.

Esta convocatoria conta co apoio de Amnistía Internacional, Sumar, IU, Podemos, FAVEC, Sindicato de Inquilinas Vigo-Tui-BM, Os Ninguéns, Foro Cívico de Vigo, Recortes Cero e Mundo sen guerras e sen violencia.

UGT CONMEMORA A FIGURA DE PABLO IGLESIAS POSSE NO SEU 99º ANIVERSARIO

Redacción.- Cada nove de decembro celébrase no cemiterio civil da Alameda un acto reivindicativo en homenaxe e celebración das ideas do fundador da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) e do Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), Pablo Iglesias Posse.

Pepe Álvarez, secretario xeral de UGT, participou no acto-homenaxe, onde expresou que “as ideas de Pablo Iglesias, as ideas do socialismo e as ideas da liberdade están hoxe máis vixentes que nunca no noso país”. E é que, resaltaba, “a historia de Pablo Iglesias Posse reflicte a mellor maneira de encarar o futuro centrado nas persoas traballadoras do noso país”.

Pablo Iglesias Posse impulsou a loita dos dereitos laborais, sociais e civís do noso país, defendendo a liberdade e a emancipación plena da clase traballadora,

en definitiva, avances sociais que máis dun século despois séguense defendendo e reivindicando.

Así, o secretario xeral de UGT remarcaba nas súas palabras a importancia de lembrar a súa memoria, debido a que foi clave no desenvolvemento do noso país; ademais de exemplo de migración e orixes humildes, fronte ao contexto actual, con forzas de ultradereita que poñen en dúbida a nosa democracia actual.

O fundador de ambas as organizacións progresistas representa o inconformismo e a non resignación ante as inxustizas, a solidariedade para loitar por aquelas persoas máis vulnerables, o respecto, a tolerancia a outras ideas e cara a aqueles que non pensan igual cun rexeitamento firme e unánime ás mentiras e aos bulos que buscan



socavar a democracia española.

Así mesmo, Pepe Álvarez, reiterou os compromisos da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores con respecto á redución da xornada laboral, seguindo o fito das oito horas de tempo de traballo e esixir ao Goberno que o salario mínimo interprofesional se sitúe no 60% do salario medio do noso país.

O 2º CONGRESO FEDERAL DE FeSMC-UGT CONXÚRASE PARA ERRADICAR A POBREZA SALARIAL EN DETERMINADAS ACTIVIDADES DO SECTOR SERVIZOS

Redacción.- O 2º Congreso federal de FeSMC-UGT, que se celebrou esta semana en Benidorm, comprometeuse a traballar para erradicar a pobreza salarial en determinadas actividades do sector servizos.

Neste sentido, o secretario xeral da federación, Antonio Oviedo, denunciou, unha vez máis, as particularidades de moitas das actividades que integran o macrosector servizos, especialmente, os baixos salarios que levan anos normalizados, “unha anomalía no noso sistema produtivo que debe cambiar definitivamente e que ten sumidas a moitas persoas traballadoras na pobreza salarial”.

A denuncia pública do secretario xeral de FeSMC-UGT recibiu resposta por parte do ministro de Transportes, Óscar Puente, quen recoñeceu que “temos que continuar subindo os salarios, non podemos permitir



máis pobreza salarial neste país”. Ao que engadiu: “Os sindicatos fostes o dique de contención contra todas as políticas que querían precarizar a vida dos traballadores aplicadas polos mesmos que agora falan de España como un Estado errado”.

Pola súa banda, Óscar López, ministro

de Transformación Dixital e Función Pública, expresouse na mesma liña: “Este Goberno e este país non queren ser competitivos a base de baixar salarios senón grazas á paz social”, en referencia aos “vinte grandes acordos que se lograron no Diálogo Social entre o Goberno, sindicatos e asociacións empresariais”.

UGT FICA MOSTRA A SÚA SATISFACCIÓN POLA APROBACIÓN DA LEI DE INDUSTRIA

Mariano Hoya chamou a todas as administracións públicas a que cheguen a un acordo e poñan en marcha un Pacto de Estado pola Industria

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT (UGT FICA) mostra a súa satisfacción pola aprobación en Consello de Ministros da nova Lei de Industria e Autonomía Estratéxica, por constituír unha das nosas reivindicacións para configurar un marco adecuado para dar resposta ás transformacións experimentadas polo sector industrial nas últimas décadas.

A nova lei de Industria vén substituír á Lei 21/1992, tras máis de trinta anos de vixencia e elaborada nun momento marcado polos procesos de reconversión industrial dos oitenta e pola necesidade de adaptación normativa ao marco comunitario. A este respecto, a nova lei constitúe unha resposta ao cambio de paradigma experimentado pola política industrial, actuando sobre os ecosistemas industriais en lugar de sobre os tradicionais sectores de actividade industrial.

Con todo, UGT FICA considera necesaria unha maior concreción da lei en aspectos como os recursos e a

gobernanza para conseguir unha maior certeza e garantía de estabilidade e futuro para o sector industrial e para o seu encaixe no conxunto das grandes políticas de Estado.

A este respecto, o secretario xeral de UGT FICA, Mariano Hoya, congratulouse da aprobación da nova lei e chamou a todas as administracións públicas, ao PP e aos partidos de Goberno, a que cheguen a un acordo e poñan en marcha un Pacto de Estado pola Industria.

Nun encontro mantido cos medios de comunicación previo á apertura do 29º Congreso Federal, Mariano



Hoya insistiu en que “é imprescindible e necesario para o país que, tras os cambios políticos normais que se poidan ir sucedendo nos gobernos, podamos contar cunha folla de ruta pactada por todos os partidos políticos para poder superar as dificultades que viven algúns sectores industriais actualmente, como o sector do automóbil ou o agroalimentario”.